

**EIXO DE MOBILIDADE SOSTIBLE EN
SANTIAGO DE COMPOSTELA.
TREITO: ESTACIÓN INTERMODAL – SAN CAETANO**

CLAVE: AC/22/088.06

1. Obxecto da Actuación

O obxecto do presente proxecto é definir, xustificar e valorar as obras necesarias para a construción dun itinerario que permita a circulación de peóns, ciclistas non deportivos e vehículos de mobilidade persoal (VMP), no eixo Intermodal - San Caetano, comunicando numerosos puntos de interese da cidade ao longo do eixo Oeste- Este, tales como a Intermodal de Santiago, As Brañas do Sar, o barrio de Fontiñas, centros formativos, áreas comerciais, centros deportivos (Multiusos Fontes de Sar), edificios administrativos da Xunta de Galicia (San Caetano), etc. Todo iso formando parte dun obxectivo de maior envergadura como é a conformación do eixo Milladoiro - Santiago de Compostela.

Deste xeito, trátase de lograr o obxectivo de redución de emisións de gases de efecto invernadoiro a través da modificación da conduta e os hábitos do usuario á hora de realizar os seus desprazamentos cotiáns mediante a procura dunha mobilidade máis sostible en detrimento do vehículo motorizado.

2. Plan de Estradas

As estradas/rúas nas que se proxectan as actuacións son de titularidade local.

3. Descrición da Actuación

O itinerario consta de aproximadamente 5.900 m de lonxitude, ao longo do cal se realizarán obras de pavimentación, a execución do sistema de drenaxe das augas pluviais, a iluminación pública e a reposición daqueles servizos afectados pola execución das obras. Este divídese en varios treitos:

Treito 1: na contorna da Colexiata de Sta. M.^a de Sar, entre a Avda. Clara Campoamor e a Colexiata de Sta. M.^a de Sar. Formada por un carril bici de 3,0 m de ancho en pavimento de formigón coloreado e unha senda peonil de 3,0 m de ancho en pavimento de saburra estabilizada cunha franxa axardinada intermedia de separación de ancho variable.

Treito 2: ao longo da rúa de Sar, entre a Colexiata de Sta. M.^a de Sar e o viario de acceso ao aparcamento e campo de fútbol de Sar. Discorre polo atrio deste elemento patrimonial ata a rúa de Sar.

Treito 3: de acceso ao aparcamento a campo de fútbol de Sar, entre a rúa de Sar e o dito campo de fútbol. Neste viario o tráfico de vehículos motorizados é escaso e as velocidades reducidas, polo que se compatibiliza coa bicicleta e VPMs. Para os peóns, habilitarase onde sexa posible unha beirarrúa de ancho 2,5 m de formigón, con franxa axardinada de separación da calzada de 1,5 m.

Treito 4: para a conexión do aparcamento de Sar co túnel peonil da Avda. de Lugo (rua das Brañas do Sar). Na zona do aparcamento executarase un carril bici e unha beirarrúa de formigón sen franxa axardinada intermedia, para minimizar a ocupación e ter maior superficie de aparcamento; logo introdúcese de novo a franxa axardinada central.

Treito 5: na contorna das Brañas do Sar e o complexo de piscinas Fontes do Sar, entre a rúa das Brañas do Sar (Túnel peonil Avda. de Lugo) e o paso inferior da SC-20+ADIF. Mesma sección tipo do treito 1.

Treito 6: ao longo da rúa Fontes do Sar, entre o paso inferior da SC-20+ADIF e a rúa Londres. No treito da rúa das Fontes do Sar que discorre polo paso inferior da SC-20 e as vías de ADIF, ampliarase a beirarrúa ata os 1,9 m mediante a redución dos carrís e implantarase un carril bici de 2,5 m polo bordo esquerdo. Repararase tamén a beirarrúa da marxe dereita.

Entre a glorieta de intersección coa rúa do Vieiro e a miniglorieta de intersección coa rúa de Londres e rúa de Madrid, implantarase o carril bici polo espazo que actualmente ocupa a franxa de aparcamento en liña e un dos carrís de circulación en baixada por esta rúa. Transformarase a franxa de aparcamento da outra marxe en batería.

Treito 7: en Fontiñas e a rúa Londres e a rúa dos Concheiros. Aproveítanse diversos tramos de carril bici existentes, onde se procederá ao repintado do pavimento e marcas viarias, mantendo a xeometría actual.

Treito 8: ao longo da avda. de Rodríguez de Viguri, entre a rúa dos Concheiros e o Complexo Administrativo de San Caetano. Colocaranse placas de sinalización na beirarrúa recentemente construída, delimitando un ancho de 1,3 m en cada marxe para a circulación de bicicletas e VMPs.

Treito 9: ao longo da avda. de Lugo sentido descendente, entre o Complexo Administrativo de San Caetano e o túnel peonil da Avda. de Lugo. Realizarase a adaptación da sinalización para implantar unha velocidade máxima de 30 km/h e advertir da coexistencia de bicicletas e VMPs na vía.

Ampliarase a boca de acceso ao Túnel peonil baixo a Avda. de Lugo cunha rampla de ancho e pendente accesibles.

4. Características técnicas

Firmes e pavimentos:

Senda Compartida (peón, bicicleta e VMPs): pavimento de formigón poroso coloreado.

Carril bici segregado: pavimento de formigón coloreado (T1, T4, T5, T6 e T7) e pavimento con slurry (T6, T7).

Senda peonil/beirarrúa: pavimento de saburra (T1 e T5), pavimento de formigón (T3 e T4) e pavimento de lousa hidráulica (reposicións en T6).

Plataforma compartida (tráfico rodado/bicicleta e VMPs): pavimento de laxa de pedra (T2) e pavimento de MBC (T3).

Beirarrúa peonil: pavimento de baldosa hidráulica.

Zonas axardinadas.

Estruturas:

Muros de formigón armado: é preciso executar uns muros laterais de contención para a ampliación da boca acceso norte ao Túnel peonil baixo a Avda. de Lugo.

5. Poboación Servida

Santiago de Compostela: 97.858 hab.

TOTAL: 97.858 hab.

6. Concellos Afectados

Santiago de Compostela

7. Expropiacións

Parcelas afectadas: 89 en pleno dominio. A superficie de expropiación definitiva é de 20.271,89 m².

Expropiacións e bens afectados: 166.201,34 €.-

Premio afección 5%: 8.310,07 €.-

Total expropiacións e indemnizacións: 174.511,41 €.-

8. Prazo de execución

O prazo de execución das obras previsto é de QUINCE (15) meses.

9. Orzamentos

Orzamento Base de Licitación (c/IVE): 2.589.105,79€.-

Expropiacións e indemnizacións: 174.511,41 €

Servizos afectados: 10.000,00 €.-

Seguimento arqueolóxico: 3.000,00 €

Plan de control e seguimento ambiental e ecolóxico: 10.000,00 €

Orzamento para coñecemento da administración: 2.786.617,20 €.-

10. Orzamentos por concello


Concello	Orzamento %
Santiago de Compostela	100%

Plano de situación e seccións:




Tramo 2:

SECCIÓN S1




SECCIÓN S2




Tramo 1:

SECCIÓN S3




Tramo 4:

SECCIÓN S4




Tramo 3:



Tramo 5:




Tramo 6:



Tramo 7:



Tramo 8:



Tramo 9:

